

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**9077** *Real decreto 719/2017, do 14 de xullo, sobre a anotación e a cancelación de notas desfavorables na documentación militar persoal.*

O artigo 66 e a disposición transitoria terceira da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, establecen a necesidade de aprobar o procedemento para a anotación e cancelación de notas desfavorables na documentación de acordo co disposto na mencionada lei.

O artigo 376 da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, establece a necesidade de determinar regulamentariamente o procedemento para a cancelación das notas desfavorables.

A citada Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, ao respecto da anotación e da cancelación das sancións, introduce como aspecto innovador a cancelación de oficio e os seus efectos.

O Real decreto 555/1989, do 19 de maio, sobre anotación e cancelación de notas desfavorables na documentación militar persoal, que queda derogado con este real decreto, regula, ademais do referente ás sancións disciplinarias, a anotación e cancelación de antecedentes por delito ou falta. Neste aspecto é de aplicación ao persoal da Garda Civil, xa que no referente ás sancións disciplinarias se aplica o regulado na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil.

Pola súa parte, o Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, no artigo 19 regula a cancelación de oficio das inscricións de antecedentes penais de penas impostas por órganos xudiciais de calquera xurisdición. Este é un aspecto que non se regulara ata o momento na normativa específica para o persoal militar ao servizo das Forzas Armadas.

Durante a súa tramitación, o proxecto deste real decreto recibiu o informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e púxose en coñecemento das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, consonte o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Así mesmo, solicitouse o informe do Ministerio do Interior polo que se refire á Garda Civil e, conforme o disposto no artigo 54.2 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, emitiu informe o Consello da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de xullo de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto deste real decreto é establecer o procedemento para a anotación e cancelación de notas desfavorables na folla de servizos.
2. Faranse constar as seguintes notas:
  - a) Todas as sancións disciplinarias unha vez que sexan definitivas en vía disciplinaria, segundo dispón o artigo 64 da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.
  - b) As penas impostas en virtude de sentenza firme por órganos xudiciais de calquera xurisdición.

### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación a todo o persoal militar que mantén unha relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas, mentres non pase a algunha situación administrativa en que teña a súa condición militar en suspenso.

2. Aos reservistas seralles de aplicación cando se encontren incorporados ás Forzas Armadas.

3. Aos alumnos dos centros docentes militares de formación e aos aspirantes á condición de reservistas voluntarios no seu período de formación militar seralles de aplicación, excluídas as infraccións de carácter académico, que se rexerán polas súas normas específicas.

4. O persoal da Garda Civil rexerese pola súa normativa específica, ben que este real decreto será aplicable no referente ás sancións disciplinarias impostas de acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

### Artigo 3. *Anotación.*

1. A anotación realizaraa o órgano que, en razón da gradación da falta ou pena, teña potestade para anotala na folla de servizos do persoal incluído no ámbito de aplicación, unha vez que reciba da autoridade ou mando sancionador ou do xuíz ou tribunal correspondente a copia ou o testemuño da resolución.

Para tal efecto, as autoridades con potestade disciplinaria remitirán a resolución sancionadora aos órganos encargados de anotar, unha vez que sexa definitiva en vía disciplinaria, por non se ter interposto recurso no prazo legalmente establecido, ou por se ter resolto en sentido desestimatorio.

Pola súa parte, e en cumprimento do establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, os xuíces e tribunais da xurisdición ordinaria remitirán as ditas resolucións á Subsecretaría de Defensa cando afecten o persoal militar das Forzas Armadas quen, pola súa vez, as dirixirá aos órganos competentes para anotar.

2. Nas follas de servizo dos alumnos dos centros docentes militares de formación unicamente se anotarán as sancións disciplinarias impostas por faltas moi graves, graves e as leves sancionadas con arresto.

3. Na nota constarán a pena ou sanción imposta, a normativa aplicada, o tribunal, autoridade ou mando que a impuxo, as súas accesorias e efectos, a data de imposición, a data de firmeza administrativa, a data de firmeza da resolución xudicial, a data de cumprimento e unha expresión clara e concreta dos feitos e da súa cualificación. Ademais, no órgano con competencia para anotar conservarase un testemuño literal ou copia autenticada, ou ben un arquivo en soporte informático coas suficientes garantías de autenticidade, da resolución a que se refira a nota estampada.

4. A nota constará na división, subdivisión ou lugar da folla de servizos que sinala a normativa pertinente.

### Artigo 4. *Cancelación.*

1. Toda nota estampada, excepto a de separación do servizo e a resolución de compromiso, se cancelará de oficio ou por petición do interesado, sempre que non se impuxese outra pena ou sanción das que recolle este real decreto e unha vez que se dean as circunstancias que se sinalan a continuación:

a) Que se cumprisen os prazos establecidos pola Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, para as sancións disciplinarias por falta leve, falta grave e falta moi grave. Para o caso da sanción económica, os órganos competentes para realizar o desconto na nómina comunicarán ao encargado de efectuar as anotacións a data da última retención que se efectúe, co obxecto de determinar o momento de cumprimento.

b) Que se conceda a rehabilitación, segundo o establecido no Código penal militar, para as penas por delito militar, e no Código penal, para as penas por delito común.

2. Salvo o caso de rehabilitación, se só se debe cancelar unha nota, os prazos computaranse desde a data do cumprimento da sanción, desde a data en que esta finalizase en caso de inexecución, ou desde a data da súa prescrición. Se a sanción é a perda de destino, desde o día seguinte a ter cesado nel.

3. No suposto de que se deba cancelar máis dunha nota, o prazo correrá desde o día seguinte de ter cumprido a última das sancións anotadas e tal prazo será o máis longo dos sinalados no número 2 dos correspondentes ás notas que se tratan de cancelar.

4. En todo caso, as anotacións por faltas leves e graves dos alumnos dos centros docentes militares de formación serán canceladas de oficio cando os alumnos causen baixa no referido centro ou se incorporen á súa escala unha vez finalizada a súa formación, e non se incorporarán á folla de servizos do interesado, sen que se poida certificar sobre elas.

5. Sen menoscabo do que ao respecto establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para os efectos desta disposición considerárase interesado:

- a) Aquel a quen se lle impuxese a pena ou sanción.
- b) En caso de falecemento, o cónxuxe ou parella con relación afectiva análoga debidamente acreditada, ou os herdeiros do falecido.
- c) O representante legal, no suposto de que o penado ou sancionado se encontre nas situacións de prisioneiro ou desaparecido.

#### Artigo 5. *Autoridades facultadas para a cancelación.*

Teñen facultade para cancelar calquera nota desfavorable:

- a) O director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, para o persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas.
- b) Os mandos ou xefes de Persoal dos exércitos, para o persoal do seu respectivo exército
- c) O subdirector xeral de Persoal da Garda Civil, para o persoal deste corpo.

#### Artigo 6. *Expedientes de cancelación.*

1. O proceso de cancelación de anotacións na folla de servizos orixinará a apertura dun expediente de cancelación que se iniciará de oficio ou por instancia do interesado e se resolverá e notificará no prazo máximo de dous meses contados, respectivamente, a partir do día seguinte a aquel en que se cumpran as condicións e os prazos establecidos ou a data de presentación da solicitude.

2. Os órganos competentes para anotar especificados no artigo 3.1 serán os encargados de iniciar e tramitar os expedientes de cancelación.

3. Da iniciación do expediente e da resolución que se adopte notificaráselle ao interesado, de forma acorde coa protección de datos e garantindo os dereitos á intimidade e dignidade persoal.

#### Artigo 7. *Procedemento para as cancelacións.*

1. De non se ter iniciado o procedemento de oficio por circunstancias excepcionais debidamente motivadas, os interesados en cancelar a anotación dirixirán as súas peticións mediante calquera medio válido en dereito á autoridade que sinala o artigo 5, para o cal poderán achegar un certificado de antecedentes penais ou, de ser o caso, certificado de rehabilitación, ou a autorización para solicitalo. Para o certificado de antecedentes penais, os órganos competentes cursarán a súa petición a través de medios electrónicos ao Rexistro Central de Penados, de acordo coa disposición adicional terceira da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro.

2. Na comunicación do inicio de oficio do procedemento requirirase fidedignamente do interesado a autorización para solicitar o certificado de rehabilitación. Esta autorización deberá ser remitida nun prazo máximo de dez días. En caso de non ser concedida ou de

que o interesado renuncie á tramitación do procedemento, este quedará concluído e non se poderá iniciar senón por instancia do interesado.

3. A instancia e a documentación anexa remitiranse directamente ao xefe do órgano con competencia para anotar, quen deducirá testemuño da parte de documentación militar persoal onde conste a anotación ou anotacións e do testemuño ou copia da resolución que se menciona no artigo 3.3. O expediente así formado enviarase directamente á autoridade con facultade para cancelar.

4. As autoridades con facultade para cancelar, tras comprobar que concorre o previsto no artigo 4, á vista da documentación recibida e se a consideran completa, resolverán sobre a cancelación da anotación.

Unha vez resolto o expediente, ordenarán:

- a) A notificación ao interesado.
- b) Se se resolve que se debe cancelar a anotación, aos órganos con competencia para anotar, a desaparición da anotación ou anotacións da folia de servizos do interesado, así como a conservación dos testemuños ou copias a que fai referencia o artigo 3.3, de acordo co establecido no artigo 8.2.

5. Se, por motivos legais ou regulamentarios, se resolve denegando a cancelación, fundamentarase a denegación e notificaráselle ao interesado, con indicación do prazo para recorrer e da autoridade ante a cal se debe presentar o recurso.

#### Artigo 8. *Efectos da cancelación.*

1. A cancelación dunha anotación de sanción por falta leve producirá o efecto de anular a inscrición, sen que se poida certificar dela salvo co obxecto do ingreso, ascenso e permanencia na Real e Militar Orde de San Hermenexildo, segundo o establecido no artigo 67 da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

2. Cando se trate da cancelación dunha sanción por falta grave ou moi grave, producirá o efecto de anular a inscrición e só se poderá conservar información sobre elas de maneira independente e coa clasificación pertinente. Poderase certificar sobre elas ou ser consultadas cando así o soliciten as autoridades competentes, para os exclusivos efectos de avaliacións regulamentarias, concesión de determinadas recompensas, obtención de habilitacións de seguridade ou asignación de destinos de libre designación para os cales se precisen condicións profesionais e persoais de idoneidade cuxo desempeño se considere incompatible coa natureza das condutas sancionadas.

Unha vez cancelada a nota desfavorable relativa a unha pena, procederase da mesma maneira, pero non se dará noticia dela nin se certificará sobre ela salvo cando o soliciten as autoridades competentes para iso e para os exclusivos efectos de avaliacións regulamentarias.

As autoridades con facultade para cancelar designarán os órganos encargados da custodia da dita información.

3. Nos casos de emisión de certificacións de notas xa canceladas, farase constar expresamente esta circunstancia.

4. A cancelación de oficio das sancións disciplinarias producirá efecto desde o día seguinte a aquel en que se cumpran as condicións e os prazos establecidos, de acordo co previsto no artigo 4. No caso da cancelación de oficio de penas, os efectos comezarán desde a data de concesión da cancelación polo Ministerio de Xustiza.

5. A cancelación por instancia do interesado de penas ou sancións disciplinarias retrotraerá os seus efectos á data de presentación da solicitude, salvo para aqueles casos en que se debería ter incoado o expediente de cancelación de oficio; neste caso, producirá efectos na mesma data en que se debería ter incoado o citado expediente.

6. Nos casos en que, malia se cumpriren os requisitos establecidos para a cancelación, esta non se producise, a Administración, acreditadas tales circunstancias, non terá en conta os ditos antecedentes, sen prexuízo dos efectos establecidos no artigo 67 da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, e no artigo 376 da Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar.

Artigo 9. *Recursos.*

1. Contra as resolucións relativas á anotación ou cancelación de penas e sancións disciplinarias poderase interpor recurso de alzada ante o subsecretario de Defensa, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e o director xeral da Garda Civil, respectivamente.

A resolución do recurso, que será ditada logo de informe do asesor xurídico, porá fin á vía administrativa.

2. Contra a resolución do recurso de alzada poderase interpor recurso contencioso-disciplinario militar ante o Tribunal Militar Central, nos termos previstos nas normas procesuais militares.

Disposición adicional primeira. *Medios de xestión.*

Para a xestión das anotacións e cancelacións utilizaranse as ferramentas informáticas de xestión de persoal dispoñibles no Ministerio de Defensa e na Garda Civil.

Disposición adicional segunda. *Estatísticas.*

O Ministerio de Defensa, a través da Subsecretaría de Defensa, remitirá ao Observatorio da Vida Militar, antes de que conclúa o primeiro semestre de cada exercicio, as estatísticas do exercicio anterior, en que se conterán o número de procedementos disciplinarios e sancións impostas, con especificación das infraccións cometidas segundo as diferentes epígrafes de faltas leves, graves e moi graves.

Disposición adicional terceira. *Anulación de sancións en vía xudicial.*

No caso de que unha sanción firme en vía administrativa sexa despois anulada en vía xudicial, producirá o efecto de anular a inscrición, polo que non se conservará ningunha información sobre elas e non será neste caso de aplicación o artigo 8 deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Sancións disciplinarias extraordinarias da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.*

Para efectos do regulado neste real decreto, as sancións disciplinarias extraordinarias da derogada Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, recibirán o mesmo tratamento que as faltas moi graves.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 555/1989, do 19 de maio, sobre anotación e cancelación de notas desfavorables na documentación militar persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse o subsecretario de Defensa, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e o director xeral da Garda Civil para ditaren, no ámbito das súas competencias, cantas instrucións e resolucións sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de xullo de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,  
MARÍA DOLORES DE COSPEDAL GARCÍA